

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO BENEFICIARIO DO PROGRAMA ERASMUS + 2023

Reunido o equipo de coordinación do proxecto de mobilidade impulsado pola iniciativa ERASMUS +, establécense os seguintes criterios de baremación para a selección do alumnado participante neste curso académico 2022/23:

A nota final obterase por medio da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. ASISTENCIA ÁS CLASES LECTIVAS E CONDUCTA (ata un máximo de 1 punto)

Neste apartado, valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular á actividade docente durante a etapa da educación secundaria. Para obter esta valoración consultarase o historial que figura no expediente do/a alumno/a.

Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas	0,5 puntos
Asistencia igual ou inferior ao 90 % das clases lectivas	0 puntos
Ausencia de faltas de conduta	0,5 puntos
Existencia dalgunha falta de conduta	0 puntos

2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (ata un máximo de 5 puntos)

2.1 Valorarase o expediente académico da persoa candidata calculando a media aritmética das cualificacións obtidas en 1º, 2º e 3º da ESO para o alumnado cursando 4º ESO e de 1º, 2º 3º e 4º da ESO para o alumnado de 1º de bacharelato. (ata un máximo de 2 puntos)

Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo
Do 5 ao 5,99	Suficiente	0,5 puntos
Do 6 ao 6,99	Ben	1 punto
Do 7 ao 8,99	Notable	1,5 puntos
Do 9 ao 10	Sobresaínte	2 puntos

2.2 Nota media das cualificacións obtidas na materia de 1ª LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS en 1º, 2º e 3º da ESO para o alumnado cursando 4º ESO e de 1º, 2º 3º e 4º da ESO para o alumnado de 1º de bacharelato. (ata un máximo de 2 puntos)

Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo
Do 5 ao 5,99	Suficiente	0,5 puntos
Do 6 ao 6,99	Ben	1 punto
Do 7 ao 8,99	Notable	1,5 puntos
Do 9 ao 10	Sobresaínte	2 puntos

2.3 Por participación en seccións bilingües ao longo da súa escolaridade. Por cada sección bilingüe na que participara ou estea a participar: 0,25 puntos. (ata un máximo de 1 punto)

3. SITUACIÓN FAMILIARES (ata un máximo de 2 puntos)

3.1 Por pertencer a unha familia numerosa:

- de categoría especial: 1 punto.
- de categoría xeral: 0,5 puntos.

3.2 No caso de familia monoparental: 1 punto.

4. No caso de que varios candidatos obteñan a mesma puntuación na suma dos apartados anteriores, empregarase como criterio de desempate a nota media do curso anterior que figure no expediente do alumnado.

En Pontevedra a 10 de marzo de 2023